

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de agosto de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de agosto de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria do Pleno, Sra. Acuña Campos, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(896).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 29 de xullo e extraordinaria e urxente do 2 de agosto de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(897).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 41.960,43 € A FAVOR DE FUNDACIÓN ALDABA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á FAMILIA- XUÑO 2011. EXPTE. 67859/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 19.06.11, conformado polo xefe da Área de Benestar Social e pola concelleira delegada de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 41.960,43 euros, a favor de “FUNDACIÓN ALDABA”, CIF. G-82453606, pola prestación dos servizos do dispositivo de atención á infancia e á familia durante o mes de xuño de 2011.

2º.- Imputar o gasto de 41.960,43 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.07 “Programa menores-convenio infancia”, minorando dito importe do RC 201100021255 de 296.505,37 euros.

3(898).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2011. EXPTE. 4014/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.07.11, o informe de fiscalización do 22.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas, do 15.07.11, conformado polo xefe do Servizo de Festas e a concelleira delegada de Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares para a coorganización da “FESTA DO POLBO 2011”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 9.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará ó Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0006 (Convenio Centro veciñal cultural Valadares – Festa Polbo) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2011.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2011

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelaira Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada de Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións nos Delegados de Área.

Doutra, don Gregorio Álvarez Pereira, como presidente do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social na estrada xeral de Valadares nº 233 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4014/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Centro Veciñal e Cultural de Valadares ten por fins, entre outros, o de organizar actividades culturais e sociais diversas. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Polbo”, no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2011”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Polbo 2011 no monte dos Pozos o día 14 de agosto.

VI.- Que a entidade Centro Veciñal e Cultural de Valladares non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4014/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Centro Veciñal e Cultural de Valladares, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Polbo 2011, que terá lugar no monte dos Pozos (Valadares), e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das “Festas de Vigo 2011”.

4º.- Conceder directamente ó Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Polbo 2011.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0082.48.0040007435, da entidade bancaria CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de un mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei

15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

4(899).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.239,95 € A FAVOR DE VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. POLOS SERVIZOS TÉCNICOS PARA O CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL – MAIO E XUÑO 2011. EXPTE. 6268/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Patrimonio Histórico,

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de 21.239,95 euros (IVE incluído) a favor da empresa VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, co CIF B36917201 pola prestación de servizos técnicos para o Centro de Artesanía Tradicional durante os meses de maio e xuño de 2011, segundo a súa factura nº 34 de data 27/06/2011, presentada no Rexistro Xeral o 27/06/2011 (nº doc. 110093099).

2º.- Imputalo á partida 3360.2279901 Coordinación e monitoraxe C. Artesanía e C. Cesteiro dos orzamentos municipais do ano 2011, e con cargo ao RC nº 201100033381.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación alguna para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

5(900).- DAR CONTA DA ACTA DE ACEPTACIÓN DO NOMEAMENTO DE D^a. MARGARITA PARAJÓ CALVO COMO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL.

Dáse conta da acta de aceptación do nomeamento de D^a. Margarita Parajó Calvo como titular da Asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:

Sendo as 10:35h .horas do día 19 de xullo do 2011, nas dependencias do edificio consistorial do Concello de Vigo (Servizo de Recursos Humanos) comparece D^a MARGARITA PARAJÓ CALVO, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, ao obxecto de aceptar expresamente a titularidade do órgano directivo TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL, para o cal foi nomeada por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo do 2011, e que lle foi debidamente notificado en data 13/07/2011.

A comparecente manifesta a conformidade e aceptación expresa do nomeamento efectuado, nos termos condicións do acordo da Xunta de Goberno Local referido, así como da lexislación vixente que resulta de aplicación ao persoal directivo (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,; lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e normativa de concordante aplicación).

Igualmente, manifesta reunir os requisitos legalmente previstos para a designación como titular de órgano directivo municipal, aceptando o réxime de retribucións previsto no acordo plenario constitutivo do órgano directivo “Titular da Asesoría Xurídica Municipal”, comprometéndose a efectuar a preceptiva declaración de intereses nas dependencias de Secretaría Xeral no prazo indicado no acordo de nomeamento (10 días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación) e asumindo as funcións, atribucións e competencias inherentes á titularidade do referido órgano directivo segundo a normativa vixente.

E non habendo máis circunstancias que manifestar, dáse por concluído o presente acto aos efectos legalmente previstos, coa sinatura dos comparecentes, extendéndose acta por triplicado.

Asinan o acta, o alcalde-presidente, como Secretario do Goberno por delegación asina a Secretaria Xeral do Pleno, e a comparecente, Sra. Parajó Calvo.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(901).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS ESPECIAIS DA FUNCIONARIA MUNICIPAL D^a MARGARITA PARAJÓ CALVO. EXPTE. 22219/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.07.11, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/07/2011, a funcionaria municipal D^a Margarita Parajó Calvo, con nº de persoal 79.131, técnica de Administración Xeral, foi nomeada Titular da Ase-soría Xurídica Municipal, órgano directivo municipal creado ao abeiro da Lei 57/2003, do 16 de de-cembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

2.- Tendo sido aceptado o nomeamento pola funcionaria citada en acta de aceptación de titularidade de órgano directivo municipal de data 19/07/2011, dal cal se incorpora copia ao presente expediente, deberase proceder á declaración da situación administrativa de servizos especiais, en cumprimento da normativa vixente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público contempla no seu artigo 87 a situación administrativa de servizos especiais, sinalando que os funcionarios de carreira serán declarados na referida situación administrativa nos seguintes supostos:

f) Cuando se desempeñen cargos electivos retribuidos y de dedicación exclusiva en las Asambleas de las ciudades de Ceuta y Melilla y en las Entidades Locales, cuando se desempeñen responsabilidades de órganos superiores y directivos municipales y cuando se desempeñen responsabilidades de miembros de los órganos locales para el conocimiento y resolución de las reclamaciones económico-administrativas”.

Quienes se encuentren en situación de servicios especiales percibirán las retribuciones del puesto o cargo que desempeñen y no las que les correspondan como funcionarios de carrera, sin perjuicio del derecho a percibir los trienios que tengan reconocidos en cada momento.

El tiempo que permanezcan en tal situación se les computará a efectos de ascensos, reconocimiento de trienios, promoción interna y derechos en el régimen de Seguridad Social que les sea de aplicación. No será de aplicación a los funcionarios públicos que, habiendo ingresado al servicio de las instituciones Comunitarias Europeas, o al de Entidades y Organismos asimilados, ejerciten el derecho de transferencia establecido en el estatuto de los Funcionarios de las Comunidades Europeas.

Quienes se encuentren en situación de servicios especiales tendrán derecho, al menos, a reingresar al servicio activo en la misma localidad, en las condiciones y con las retribuciones correspondientes a la categoría, nivel o escalón de la carrera consolidados, de acuerdo con el sistema de carrera administrativa vigente en la Administración Pública a la que pertenezcan. Tendrán, asimismo, los derechos que cada Administración Pública pueda establecer en función del cargo que haya originado el pase a la mencionada situación. En este sentido, las Administraciones Públicas velarán para que no haya menoscabo en el derecho a la carrera profesional de los funcionarios públicos que hayan sido nombrados altos cargos, miembros del Poder Judicial o de otros órganos constitucionales o estatutarios o que hayan sido elegidos Alcaldes, retribuidos y con dedicación exclusiva, Presidentes de Diputaciones o de Cabildos o Consejos Insulares, Diputados o Senadores de las Cortes Generales y miembros de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas. Como mínimo, estos funcionarios recibirán el mismo tratamiento en la consolidación del grado y conjunto de complementos que el que se establezca para quienes hayan sido Directores Generales y otros cargos superiores de la correspondiente Administración Pública.

La declaración de esta situación procederá en todo caso, en los supuestos que se determinen en el presente Estatuto y en las Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del mismo.”

II.-A titularidade da Asesoría Xurídica Municipal conleva inherente a declaración da situación administrativa de servizos especiais desenvolta no fundamento xurídico anterior, toda vez que o artigo 130, apartado B), letra d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, clasifica dentro dos órganos directivos municipais á titularidade da citada asesoría.

III.- En igual senso, e en estricta aplicación do relacionado no artigo 87 do EBEP, o funcionario declarado na situación administrativa de servizos especiais terá dereito alomenos a reingresar nas mesmas condicións retributivas e profesionais que tiña no momento anterior ao pase á devandita situación, de xeito tal que deberá garantizarse como mínimo idéntica situación profesional e retributiva á funcionaria designada, quen ata o momento figuraba adscrita ao posto de traballo código 111.03 da Vixente Relación de Postos de Traballo Municipal (“Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento).

IV.- Vistas as consideracións e informe expostos, e considerando as competencias delegadas por Decreto da Excma. Alcaldía-Presidencia de 13/06/2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2011, elévase ao criterio do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Declarar á funcionaria municipal D^a Margarita Parajó Calvo, con nº de persoal 79.131, na situación administrativa de servizos especiais por nomeamento como Titular da Asesoría Xurídica Municipal do Concello de Vigo (acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/07/2011 e aceptación documentada en acta de 19/07/2011), con efectos económicos e administrativos do 18 de xullo do 2011, ao abeiro do establecido no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.

A dita declaración de situación administrativa, xunto cos efectos derivados da mesma, efectúase nos termos da normativa vixente e demais de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Notifíquese a presente resolución á interesada, Xefatura da Área de Réxime Interior, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Xefe do Servizo de Administración Electrónica e técnico de Planificación e Organización aos efectos oportunos. Igualmente, dése debida conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

Con data 22.07.11 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(902).- EXECUCIÓN DO AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 383/2007, SEGUIDO A INSTANCIA DE D. ANDRÉS ESCARIZ FUENTES. EXPTE. Nº 22184/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 1.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Recursos Humanos, do 29.06.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Proceder a dar cumprimento ao auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, p.a. 383/2007, pola diferenza retributiva entre as retribucións inherentes ao posto de traballo de auxiliar de administración xeral e as asignadas ao posto de traballo de administrativo de administración xeral, correspondentes aos anos 2007, 2008, 2009 e ata outubro de 2010, así como ao acordo desta Xunta de Goberno de 2 de novembro de 2010, segundo o seguinte desglose: principal de 10.114,85 €, de intereses 1.208,09 €, IRPF de 1.517,23 €, Seguridade Social empresa 3.355,01 e Seguridade Social traballador 484,56 €.

2º.- Dispoñer o abono a D. Andres Escariz Fuentes, DNI 35436355-W, da cantidade 9.321,15 (8.113,06 de diferenzas retributivas máis 1.208,09 € euros de intereses estimados).

3º.- Dispoñer que polo negociado de seguridade social se proceda ao efectuar as correspondentes liquidacións complementarias, segundo a proposta que antecede.

4º.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal do Concello, notificando asemade o mesmo ao interesado, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Seguridade Social), aos efectos que procedan.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

8(903).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE LABORAL FIXO CON CARGO A PRAZA VACANTE DE OFICIAL DESINFECTOR, CORRESPONDENTE Á OEP 2008. EXPTE 22228/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a unha praza vacante de oficial desinfector ao seguinte aspirante que superou todos os exercicios e obtivo a máxima puntuación nas probas selectivas de que constou esta oposición, segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 20 de maio de 2011:

- D. ALBERTO SEIJAS FERNÁNDEZ, NIF 36.052.810-P, que obtivo un total de 19,60 puntos.

O aspirante nomeado deberá ser contratado en réxime laboral fixo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

2º.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do contrato de traballo co interesado de acordo co establecido no R.D.L. 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo.

3º.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefa do Laboratorio Municipal, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

4º.- Unha vez sexa formalizada dita contratación, deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuíño de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Lexislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

9(904).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE LABORAL FIXO CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE OFICIAL XARDINEIRO, CORRESPONDENTES Á OEP 2008. EXPTE 22221/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a catro prazas vacantes de oficial xardineiro aos seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios e obtiveron as máximas puntuacións nas probas selectivas de que constou esta oposición, segundo propostas do órgano de selección contidas nas actas de 26 de maio e 8 de xuño de 2011:

- D. EDUARDO ALFONSO PÉREZ DA SILVA, con NIF 36.029.686-W (promoción interna), que obtivo un total de 19,266 puntos.
- D. MIGUEL VÁZQUEZ AREA, con NIF 36.010.264-S (promoción interna), que obtivo un total de 15,148 puntos.
- D. ROBERTO VARELA ESTÉVEZ, NIF 36.130.545-Y (quenda libre), que obtivo un total de 19,758 puntos.
- D^a. M^a CONCEPCIÓN GONZÁLEZ COSTAS, NIF 36.062.214-P (quenda libre), que obtivo un total de 19,404 puntos.

Os aspirantes nomeados deberán ser contratados en réxime laboral fixo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

2º.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos contratos de traballo cos interesados de acordo co establecido no R.D.L. 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo.

3º.- O presente acordo notifíquese aos interesados, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, xefe da Área de Servizos Xerais, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

4º.- Unha vez sexan formalizadas ditas contratacións, deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuíño de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Lexislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

10(905).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE LABORAL FIXO CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE OFICIAL ALBANEL, CORRESPONDENTES Á OEP 2008. EXPTE 22227/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a dúas prazas vacantes de oficial albanel (unha por promoción interna e outra pola quenda libre) aos seguintes aspirantes

que superaron todos os exercicios e obtiveron as máximas puntuacións nas probas selectivas de que constou esta oposición, segundo proposta do Órgano de Selección contida nas actas de 19 de maio e 29 de xuño de 2011:

- D. JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ VIEITEZ, NIF 76.723.213-C, (pola quenda de promoción interna) que obtivo un total de 18,15 puntos.
- D. JULIO SENRA BOUZA, NIF 76.407.866-A, (pola quenda libre) que obtivo un total de 16,407 puntos.

Os aspirantes nomeados deberán ser contratados en réxime laboral fixo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

2º.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos contratos de traballo cos interesados de acordo co establecido no R.D.L. 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo.

3º.- O presente acordo notifíquese aos interesados, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefe Servizo Vías e Obras, Xefe da Área de Servizos Xerais, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

4º.- Unha vez sexan formalizadas ditas contratacións, deberán publicarse, no Diario Oficial de Galicia”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuíño de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Legislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral”

11(906).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE LABORAL FIXO CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE OFICIAL CONSERXE, CORRESPONDENTES Á OEP 2008. EXPTE 22226/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a dúas prazas vacantes de oficial conserxe aos seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios e obtiveron as máximas puntuacións nas probas selectivas de que constou esta oposición, segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 8 de xullo de 2011:

- D^a. ALMUDENA CASAS GONZÁLEZ, NIF 36.107.313987-B, que obtivo un total de 20,154 puntos.
- D^a. ROSA TERESA VÁZQUEZ ÁLVAREZ, NIF 36.045.605-M, que obtivo un total de 20,064 puntos.

As aspirantes nomeadas deberán ser contratadas en réxime laboral fixo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

2º.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos contratos de traballo coas interesadas de acordo co establecido no R.D.L. 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo.

3º.- O presente acordo notifíquese ás interesadas, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefa de Subalternos, Xefa da área de Réxime Interior, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

4º.- Unha vez sexan formalizadas ditas contratacións, deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuíño de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Lexislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral”

12(907).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, CORRESPONDENTE Á OEP 2008. EXPTE. 22222/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo a praza vacante de técnico/a de prevención de riscos laborais, á seguinte aspirante proposta polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación -19,50 puntos-, D^a ARANZAZU GONZÁLEZ SOENGAS, con DNI nº 52.481.598-Z.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

2º.- O presente acordo notifíquese á interesada, Tesourería Municipal, xefa do Servizo de Recursos Humanos, xefa da Área de Réxime Interior, Organización e Planificación de RR.HH., Intervención Xeral e Comité de Persoal.

3º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

13(908).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA VACANTE DE ALGUACIL, CORRESPONDENTE Á OEP 2008. EXPTE. 22225/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo á praza vacante de alguacil, á seguinte aspirante proposta polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación -19,90 puntos-, D^a MARÍA FÁTIMA LAMAS GONZÁLEZ, con DNI nº 36.095.223-N.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

2º.- O presente acordo notifíquese á interesada, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), Intervención Xeral, Comité de Persoal, xefe/a de Subalternos e Xefa da Área de Réxime Interior.

3º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

14(909).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS, CORRESPONDENTE Á OEP 2008. EXPTE. 22224/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 27.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo a praza vacante de enxeñeiro técnico de obras públicas, á seguinte aspirante proposta polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima puntuación, D^a MARÍA FRANCISCA ARLANDIS MARRA, con DNI nº 34.971.096-X e obtivo unha cualificación de 17,60 puntos.

O presente nomeamento quedará condicionado á toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá ser no prazo dun mes a contar dende a publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia.

2º.- O presente acordo notifíquese á interesada, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación de RR.HH.), Intervención Xeral, Comité de Persoal e xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza.

3º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

15(910).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE TÉCNICO MEDIO DE SERVICIOS ECONÓMICOS, CORRESPONDENTE Á OEP 2008. EXPTE. 22223/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear funcionario de carreira, con cargo a praza vacante de técnico medio de servizos económicos, ao seguinte aspirante proposto polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima puntuación, D. JUAN CARLOS VÁZQUEZ MÍGUEZ, con DNI nº 36.090.145-V e obtivo unha cualificación de 23,34 puntos.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

2º.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación de RR.HH.), Intervención Xeral, Comité de Persoal e xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza.

3º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.”

16(911).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL CORRESPONDENTE AO CONCURSO DE TRASLADOS 2011. EXPTE. 22234/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear para os postos de traballo que se indican aos seguintes candidatos que obtiveron a maior puntuación segundo as listas aprobadas definitivamente nas sesións dos días 27 de xuño (enlace informático Dirección de Ingresos); 28 de xuño (xefe quenda Limpeza); 30 de xuño (xefe de equipo de Cemiterios); 29 de xuño (xefe de equipo de Educación); 1 de xullo (xefe de equipo do Parque Móbil) e 4 de xullo (xefe de equipo de Vías e Obras) de 2011:

POSTO DE TRABALLO	COD. POSTO	CANDIDATO/PROPOSTO/A	PUN-TUA-CIÓN TOTAL
Enlace Informático Dirección de Ingresos	125	D. Fernando González Núñez	14,45 puntos.
Xefe Quenda Limpeza	111	D. Jesús M. Garrido Marcos	13,81 puntos.
Xefe Equipo Cemiterios	187	D. Adolfo Rodríguez López	12,09 puntos.
Xefe Equipo Educación	184	D. Eladio Puentes Rodríguez	12,39 puntos.
Xefe Equipo Parque Móbil	184	D. Antonio Gil González	13,19 puntos.
Xefe Equipo Vías e Obras	184	D. Jesús Alberto Docamiño Raimundez	10,86 puntos.
Xefe Equipo Vías e Obras	184	D. Primitivo Calles Santos	10,31 puntos.

2º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

3º.- A toma de posesión deberá efectuarse polos candidatos designados nos tres días hábiles seguintes á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.”

17(912).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO CORRESPONDENTE AO CONCURSO DE TRASLADOS 2011. EXPTE. 22233/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Nomear para os postos de traballo que se indican aos/ás seguintes candidatos/as que obtiveron a maior puntuación segundo as listas aprobadas definitivamente na sesión da Comisión de Valoración do Concurso de Traslados correspondente ao ano 2011, de data 8 de xullo de 2011:

POSTO DE TRABALLO	COD. POSTO	CANDIDATO/PROPOSTO/A	PUNTUACIÓN TOTAL
Xefe/a Negociado Información	258	D. José Manuel González Ucha	13,80 puntos
Xefe/a Negociado Escolas Municipais	203	Dª. Rosa María Torres Bouzas	14,60 puntos
Xefe/a Negociado Servizos Xerais	204	Dª. Elvira Casas Muras	12,70 puntos
Xefe/a Oficina Administrativa Dirección de Ingresos	092	Dª. Sara Costas Montero	17,50 puntos
Xefe/a Oficina Administrativa Actividades e Instalacións	090	D. Oscar Couce Senra	13,90 puntos
Xefe/a Negociado Medio Ambiente	277	Dª. María Soledad García Riveiro	16,30 puntos
Xefe/a Negociado Xestión Catastral	176	Dª. Ana María Fernández Arias	14,35 puntos
Xefe/a Oficina Administrativa Programación Cultural	94	Dª. Marta Núñez Aboy	16,40 puntos
Xefe/a Oficina Información Xerencia Municipal de Urbanismo	252	Dª. Amparo Salgado López	13,40 puntos

2º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

3º.- A toma de posesión deberá efectuarse polos/as candidatos/as designados nos tres días hábiles seguintes a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

18(913).- RENUNCIA DE BOLSEIRA DE FORMACIÓN EN PRÁCTICAS DA CONCELLERÍA DE TURISMO. EXPTE. 3803/104.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da técnica do Servizo de Turismo, do 1.08.11, conformada polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Quedar enterada da renuncia xustificada presentada por Dona ,María José García Oliveira (DNI 53183029 Z) á beca de formación en prácticas da Concellería de Turismo o día 29 de xullo de 2011.

2º.- Adxudicar a bolsa vacante, dende o 5 de agosto ata o 30 de novembro de 2011, ao seguinte aspirante da lista de suplentes que a aceptan: Águeda López Rodríguez (DNI 35577681 Q)

3º.- Dar traslado deste acordo á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal ós efectos oportunos.

19(914).- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA XUNQUEIRA DO RÍO LAGARES 2ª FASE T.M. DE VIGO E REMISIÓN AO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 109/403.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director da Área de Desenvolvemento Urbanístico, do 23.06.11, conformado pola arquitecta municipal e pola concelleira de Urbanismo, e de conformidade coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Tomar coñecemento do proxecto “PROYECTO DE ACONDICIONAMIENTO DE LA JUNQUERA DEL RÍO LAGARES, 2ªFASE T.M. DE VIGO (PONTEVEDRA)”, redactado polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Servicio Provincial de Costas de Pontevedra, e remitir este informe a este Servizo.

2º.- Considerar segundo o artigo 111.1 e 111.3 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de Costas, o devandito proxecto como obra de interese xeral de competencia do Estado, polo que sería de aplicación o artigo 111.3 “As obras públicas de interese xeral citadas no apartado 1 deste artigo non están sometidas a licenza o calquera outro acto de control por parte das administracións locais e a súa execución non poderá ser suspendida por outras administracións públicas, sen prexuízo da interposición dos recursos que procedan”. Polo tanto, ao non ser necesaria licenza non habería lugar ao pagamento de taxas.

3º.- Adoptar o compromiso da conservación das obras.

20(915).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A VENDA DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN VILAGRAFÍAS NAS DEPENDENCIAS VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 1839/340.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Verbum, do 27.07.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e a concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a venda do título relacionado a continuación, impostos incluídos, reservando o resto da edición para ás necesidades protocolarias e de difusión das actividades propias da concellaría de Cultura e do Museo Verbum-Casa das Palabras.

- Vilagrafías. 150 unidades a un prezo de 12 €, IVE engadido.

2º.- Autorizar que a venda dos títulos indicados se faga nas dependencias do museo Verbum-Casa das Palabras.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

21(916).- DAR CONTA DO ACORDO DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DELEGACIÓN NO SECRETARIO DE DITO ÓRGANO. EXPTE. 3715/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do acordo adoptado pola mesa de contratación realizada o día 27.07.11, que di o seguinte:

d)Delegación na secretaría desta mesa da facultade de formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

A mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes e en atención ós principios de eficacia e celeridade que rexen a actividade administrativa, acorda:

“1º.- Delegar no secretario desta mesa o exame da documentación requirida ó licitador clasificado en primeiro lugar nos procedementos de contratación nos que interveña.

2º.- Delegar no secretario desta mesa a facultade de formular á Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicación do contrato nos procedementos de contratación nos que interveña, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar fose correcta, así como a solicitada de oficio pola administración municipal.
- 2.- Que esta facultade de delegación se tivera previsto na proposta de clasificación formulada ó órgano de contratación”.
- 3°.- Dar conta á mesa de contratación das propostas elevadas ó órgano de contratación.
- 4°.- Dar traslado deste acordo á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

22(917).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN, BASES DE PARTICIPACIÓN E CONVOCATORIA DO XVII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL. EXPTE. 4011/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 26.07.11, o informe de fiscalización do 3.08.11, e de conformidade co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 28.07.11, conformado pola concelleira delegada de Festas e o xefe do Servizo de Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1°.- Aprobar o Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc para a organización do XVII Festival folclórico internacional.
- 2°.- Aprobar as Bases de participación ó XVII Festival folclórico internacional e a súa Convocatoria correspondente ó presente ano.
- 3°.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.
- 4°.- Autorizar un gasto por importe de 70.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0007 (Convenio Festival folclórico internacional) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2011.
- 5°.- Que o primeiro pagamento (35.000,00 euros) se realice a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241), non sendo necesaria a esixencia dun réxime de garantías dos fondos anticipados.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XVII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL”

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelarias Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de

Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións.

Doutra, don Emilio Sotelino Domarco, como presidente da Asociación Cultural Interfolc, CIF nº G-36.892.271 e enderezo social en Vigo, na rúa Tomás A. Alonso 29 - 5º esq, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 4011/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Cultural Interfolc ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

II.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención por importe de 70.000,00 euros, para o convenio de organización do Festival folclórico internacional. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción do folclore e cultura propios, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución do XVII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, que se desenvolverá entre os días 9 e 14 de agosto, ambos inclusive, por cinco barrios da cidade.

V.- Que a Asociación Cultural Interfolc non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 4011/335.

VI.- Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC veñen asinando dende o ano 1995, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

VII.- Que as Bases de participación e Convocatoria para o festival figuran como anexo ó presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Cultural Interfolc, o Concello de Vigo e

a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Asociación Cultural Interfolc comprométese a colaborar coa Concellaría de Festas do Concello de Vigo en canto á programación, organización e execución do XVII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL e, concretamente, a:

1. Elaborar o programa do XVII Festival Folclórico Internacional, e seleccionar os catro grupos folclóricos participantes nel, previa conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas. O acto de recepción do festival incorporará como mínimo as seguintes agrupacións por ámbito territorial:

- 3 grupos galegos, seleccionados a proposta da organización;*
- 1 grupo do resto do estado español;*
- 3 grupos de carácter internacional;*

O importe do programa ascende a 71.500,00 euros correspondendo 69.000,00 euros a diferentes conceptos a contratar pola Asociación e 2.500,00 euros aos gastos de organización da Asociación.

2. Coordinar a relación cos barrios participantes no festival.

3. Coordinar todo o referente á organización xeral do festival en cada un dos barrios.

4. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.

5. Velar para que cada barrio beneficiario do festival cumpra os requisitos recollidos nas bases de participación, que figuran no anexo deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ó respecto ó persoal técnico da Concellaría de Festas.

6. Xestionar directamente todo o referente ós grupos folclóricos participantes no festival.

7. Contratar os elementos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento do festival, nos barrios e parroquias participantes.

8. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que figura no anexo.

9. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente O correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, con cadeiras, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.

10. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes ós dereitos de autor, seguro de responsabilidade civil e calquera outros necesarios para o seu bo desenvolvemento.

11. Presentarlle á Concellaría de Festas a memoria do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.

12. Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.

13. Asumir un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos que participen no festival.

14. Organizar os actos centrais da recepción oficial ós grupos participantes no festival, que terá lugar na data e lugar establecidos na convocatoria.

15. Adquisición e entrega de agasallos os grupos participantes.

16. Cumprir as bases de participación no Festival.

17. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do festival folclórico.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Xestionar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local nos distintos barrios participantes no festival.

2. Editar o material gráfico correspondente ó festival (carteis, programas de man e invitacións para o acto central). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ó orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Festas.

3. Xestionar a reserva das instalacións para o acto central.

4.- Contratar a produción técnica necesaria para o desenvolvemento do acto de recepción.

5.- Conceder directamente á Asociación Cultural Interfolc, unha subvención para a edición 2011 por importe de 70.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ó financiamento da programación, organización e execución do Festival Folclórico Internacional. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total, en concepto de pago anticipado, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0100.01.0000092044 domiciliada en NOVACAIXAGALICIA, da que é titular a ENTIDADE, antes do inicio do festival. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que debe atender de forma previa á realización do festival, relativos á organización do evento (reservas de actuacións das agrupacións participantes, hoteis, desprazamentos das agrupacións, dietas, etc.), sendo necesario facer este pago a través da conta habilitada co fin de axilizalo, toda a vez que estes gastos ou ben non se poden pospoñer ou ben non é posíbel acadar as facturas necesarias ata o día das actuacións.

2. Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% restante, que se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellaría de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de trinta días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos espectáculos folclóricos celebrados, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

–As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Os xustificantes de gastos a chegar serán polo importe da subvención concedida.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 euros por execución de obra ou 12.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Festas. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ó público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo noveno.- A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.

BASES DE SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS E CONVOCATORIA DO XVII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

1. A Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural está a programar o XVII Festival Folclórico Internacional, creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular a todas e todos os veciños do termo municipal.

Por este motivo, ofértase un espectáculo folclórico ós escenarios ou recintos de actuación que terá lugar entre os días 9 e 14 de agosto de 2011. O día 13 de agosto haberá actuacións do festival na praza de Compostela ou Auditorio Municipal da Casa do Concello.

2. Poderán inscribirse todas aquelas entidades ou asociacións de carácter sociocultural e veciñal de Vigo que estean interesadas en acoller un destes espectáculos. O número máximo de beneficiarios de actuacións para esta edición queda limitado a cinco.

3. A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo dende o día 14 de xullo ata as 13:30 horas do día 21 de xullo de 2011, ambos inclusive.

Como criterios de selección establécense:

a) Orde de inscrición no Rexistro xeral do Concello de Vigo;

b) Orde de preferencia seguindo as seguintes pautas:

- Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que aínda non teñan recibido ningunha actuación en edicións anteriores do Festival.

- Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que leven máis tempo sen recibir actuacións.

Aqueles solicitudes realizadas antes ou despois do prazo estipulado na correspondente convocatoria non serán admitidas, calquera que fose a causa.

Así mesmo, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir os lugares de actuación.

4. En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado polo Concello de Vigo poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria; A entidade receptora deberá publicitar o evento facendo mención expresa ós organizadores, figurando a entidade receptora como colaboradora.

5. As condicións que imprescindiblemente deberá reunir o recinto de actuación de cada entidade ou asociación serán as seguintes:

- a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m. de ancho x 1 m. de alto.
- b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 “wattios”.
- c) Cadeiras necesarias segundo a súa capacidade. Neste apartado hai que subliñar que dende a Concellaría de Animación sociocultural xa non existe o préstamo de cadeiras.
- d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potábel, perchas, espellos e cadeiras.
- e) Presentador/a do acto.

No caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola entidade ou asociación posteriormente á realización da inscrición (palco, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de “Observacións” do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar para tal efecto (por exemplo: solicitude do enganche oficial, alugueiro de escenario ou camerinos eventuais, etc.). A presentación da solicitude de participación supón o compromiso da entidade de cumprir con todas estas necesidades e requisitos.

6. Membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Cultura e Animación sociocultural a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución do concelleiro, o festival pasará á seguinte entidade solicitante conforme os criterios da cláusula terceira destas bases.

7. O Concello de Vigo achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:

- a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.
- b) Tres grupos folclóricos.
- c) Elementos publicitarios (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.
- d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.

8. A entidade ou asociación beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Concellaría de Animación sociocultural e a comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.

9. A hora de comezo de todos os festivais será ás 21:30 horas, excepto os actos da praza de Compostela ou Auditorio Municipal da Casa do Concello día 13 que empezarán ás 22:30 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.

10. Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore ou música tradicional, que disporán dun tempo máximo de actuación de quince minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Concellaría de Animación sociocultural 15 (quince) días antes da actuación, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.

11. A data de realización de cada un dos espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Concellaría de Cultura e Animación sociocultural e pola comisión organizadora do festival, data que

se lles comunicaría aos/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos os modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.

12. Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria, coa colaboración da comisión organizadora, deberá cubrir unha ficha que lle será facilitada e que incluírá datos e incidencias acerca do espectáculo.

13. No caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.

14. A Concelleira Delegada da Concellería de Cultura e Festas queda facultada para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO
XVI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL**

D/Dna _____,
PRESIDENTE/A da entidade denominada: _____
CIF _____ ENDEREZO _____
NÚM _____ PISO _____ CP _____ Tfno _____ Fax _____
Nome do/a responsábel: _____

SOLICITA A SÚA INSCRICIÓN NO XVI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, E DECLARA COÑECER E ACEPTAR AS BASES DE PARTICIPACIÓN.

DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:			
<input type="checkbox"/> LOCALIZACIÓN:	_____		
<input type="checkbox"/> ESCENARIO:	Longo: _____	Largo: _____	Alto: _____
<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN ELÉCTRICA:	a) <input type="checkbox"/> Xerador	<input type="checkbox"/> Enganche eléctrico oficial.	
	b) Potencia máxima: _____	w.	
<input type="checkbox"/> CAPACIDADE DE CADEIRAS:	_____		
<input type="checkbox"/> CAMERINOS:	a) <input type="checkbox"/> Fixos	<input type="checkbox"/> Eventuais.	

b) Número: _____

b) Capacidade total: _____

☐ DATA PREFERENTE: 5^ª = 6^ª = 7^ª = 8^ª = 9^ª = 10^ª
(Sinlar unha ou varias opcións)

☐ OBSERVACIÓNS: _____

Vigo, de xullo de 2011
O/A SOLICITANTE

EXCMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

23(918).- NOMEAMENTO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DOUS OFICIAIS PAVIMENTADORES Y CATRO OPERARIOS PEÓNS PARA O ANO 2011. EXPTE. 22238/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de organización, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como oficiais pavimentadores/as e operarios/as peóns, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Vías e Obras contidas no escrito de data 20 de xaneiro de 2011, subscrito polo Xefe do Servizo e conformado pola Concelleira-delegada respectiva.

2º.- Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como oficiais pavimentadoras por un periodo máximo de seis meses, á D^a. M^a. DEL CARMEN TOBÍO VILLAR, DNI 36.088.774-A e, D^a. M^a ANGELES CRISPÍN MOSQUERA, DNI 10.798.478-R, aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de oficiais pavimentadores por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xullo do 2009 e na Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como operarios/as peóns por un periodo máximo de seis meses, á D. DELIO GONZÁLEZ BARROS, DNI 34.876.398-

A, D. ROBERTO SABORIDO GONZÁLEZ, DNI 36.109.758-B, D. JUAN CARLOS ALONSO-MACÍAS JORRETO, DNI 36.049.768-M e, D^a. SILVIA REY SARMIENTO, DNI 36.107.747-R., aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de persoal de oficios por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de abril do 2010 e na Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

4º.- Autoriza-lo gasto por importe de 63.404,74€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

5º.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

24(919).- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DA CASA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 22218/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Riscos Laborais, do 2.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais establece a obriga de contar con medidas de emerxencia en todos os centros de traballo, e, de acordo co RD 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, a Casa Consistorial do Concello de Vigo debe contar cun Plan de Autoprotección.

Para dar cumprimento a esta obriga, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais xestionou a elaboración deste Plan de Autoprotección e na actualidade o Concello de Vigo está na etapa de implantación do devandito Plan.

En reunión de 3 de novembro de 2010 constituíuse o Comité de Autoprotección, formado por:

Presidente/a: Concelleiro/a- delegado da Área de Xestión Municipal

Director/a do Plan Autoprotección da Casa do Concello de Vigo: Xefe/a da Área de Seguridade e Mobilidade

Director/a do Plan de Actuación no caso de Emerxencias: Superintendente Xefe/a da Policía Local

Xefe/a de Intervención en horario habitual: Axudante técnico Servizo Electromecánicos

Delegado/a de Prevención: Secretario/a da Comisión de Seguridade e Saúde Laboral

Técnicas de prevención do Servizo de Prevención Propio, unha das cales actuará como secretaria

O Plan de Autoprotección do Concello de Vigo estrutúrase en 9 capítulos (realmente 10, xa que se inclúe un capítulo 0 non existido pola normativa) e 3 anexos, de acordo coa Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia:

Capítulo 0: Obxecto e alcance do informe.

Capítulo 1: Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade.

Capítulo 2: Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.

Capítulo 3: Inventario, análise e avaliación de riscos.

Capítulo 4: Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección

Capítulo 5: Programa de mantemento das instalacións.

Capítulo 6: Plan de actuación ante emerxencias.

Capítulo 7: Integración do Plan de Autoprotección noutros de ámbito superior.

Capítulo 8: Implantación do Plan de Autoprotección.

Capítulo 9: Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Autoprotección.

Anexo I: Directorio de Comunicación

Anexo II: Formularios para a xestión de emerxencias.

Anexo III: Planos

O pasado 14 de xullo, o Comité de Autoprotección reuniuse decidindo aprobar por unanimidade o Plan de Autoprotección.

A aprobación deste documento por Xunta de Goberno é un paso necesario para a súa implantación.

Todo o exposto xustifica a necesidade de aprobar o Plan de Autoprotección para a Casa Consistorial do Concello de Vigo.

II.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 31/1995, de 8 de novembro, pola que se aproba a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

- RD 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia

III.- PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local (art. 127.1 LRBRL), a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar o Plan de Autoprotección da Casa Consistorial do Concello de Vigo, segundo documento anexo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o Plan de Autoprotección da Casa Consistorial do Concello de Vigo, que obra no expediente e que se estrutura segundo o exposto no precedente informe.

25(920).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NO MERCADO DE TEIS EFECTUADA POLO CONCESIONARIO DO SERVIZO E MERCACEVI. EXPTE. 5311/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do vogal do Tribunal Económico Administrativo, do 4.08.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar o interese municipal no Proxecto de reforma do Mercado de Teis e prestar conformidade ó proxecto de obras proposto pola Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis e MERCACEVI, autorizando a execución das obras de acordo coas seguintes condicións:

- O proxecto deberá ser executado íntegramente e segundo as especificacións dos supervisores municipais.
- O Concello de Vigo non aporta cantidade algunha á execución do mesmo nin asume responsabilidade algunha, incluído os créditos laborais e refaccionarios da obra ou o lucro cesante dos comerciantes afectados, que se deriven da execución das mesmas. O contratista das obras deberá facer aceptación expresa de esta cláusula no seu contrato.
- Deberáse dar publicidade da autorización das obras mediante a colocación de cartel publicitario das mesmas. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como autorizante das obras.
- As obras, á súa finalización, quedarán en poder e propiedade do Concello de Vigo, quen será o beneficiario das garantías legais da edificación

2º.- Declarar a non suxeición a tributo municipal algún do presente, dada a iniciativa pública a instancia de particulares da súa incoación.

3º.- Nomear ós Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso coma supervisores municipais das obras e encargados da súa recepción, unha vez rematadas éstas.

4º.- Condicionar a presente autorización á presentación polo concesionario do servizo público da seguinte documentación:

- Declaración expresa de aceptar íntegramente o contido da presente resolución.
- Contrato de execución da obra no que conste expresamente a aceptación polo contratista da cláusula á que se refire o parágrafo segundo do apartado Primeiro.

26(921).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DA OBRA DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5251/551.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 1.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- JESÚS DAMIA RODRÍGUEZ

2º.- JOSÉ LUIS ARMENTAL GUDE

3º.- JOAQUIN CARRERO DÍAZ

2º.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar , JESÚS DAMIA RODRÍGUEZ, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgado da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

27(922).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN DA OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5248/551.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 1.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- MERCEDES FERNÁNDEZ DÍAZ

2º.- HABITARQ ARQUITECTURA, URB. E ENXEÑERÍA, S.L.P.

2º.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar , MERCEDES FERNÁNDEZ DÍAZ, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

28(923).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.